

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, relativa á publicación das puntuacións definitivas e finalización da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2016.*

A base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 22 de decembro de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 7, do 11 de xaneiro de 2017), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área do Servizo Galego de Saúde, dispón que, logo da publicación das puntuacións provisionais dos exercicios, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal, no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao da dita publicación, unicamente de existiren erros na confección aritmética da puntuación obtida.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola cal se aproben as puntuacións definitivas dos distintos exercicios, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Á vista das reclamacións presentadas e do acordo adoptado sobre estas polo respectivo tribunal de selección e elevado ao órgano convocante, este centro directivo, de conformidade coa antedita base,

**RESOLVE:**

Primeiro. Aprobar e dar publicidade, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), ás puntuacións definitivas obtidas polos/as aspirantes presentados/as en cada un dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2016.

Segundo. Declarar finalizada a fase de oposición do referido proceso selectivo.

Terceiro. Esta resolución poderá ser impugnada polos/as interesados/as nos termos previstos na base 7) e 11) da resolución de convocatoria do proceso.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

